



DATOS IDENTIFICATIVOS

Resposta Organizativa do Centro Educativo e Servizos de Apoio

Materia	Resposta Organizativa do Centro Educativo e Servizos de Apoio			
Código	P02M081V01104			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Alfonso Gil, Sonia			
Profesorado	Alfonso Gil, Sonia de la Fuente Fernández, María Adoración Deaño Deaño, Manuel			
Correo-e	soalgi@uvigo.es			
Web	http://masterapoiopeducativo.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia cumpre un papel fundamental no programa do máster derivado do seu carácter instrumental e formativo. O seu carácter instrumental porque traballa competencias necesarias para ofrecer respostas educativas inclusivas, de equidade e valores fundamentais para un íntegro desenvolvemento persoal e social. O carácter formativo porque aparece unha nova visión de como ensinar e como aprender nunha escola inclusiva dentro dunha sociedade que respecta e acolle o principio e dereito dunha educación para todos e todas. En definitiva para que os profesionais con esta formación poidan, desde unha visión crítica e reflexiva, axudar ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, en calquera das súas manifestacións.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B2	Ser capaz de sintetizar e integrar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención para aplicalos en contextos sociais e de aprendizaxe do estudante, conforme ás necesidades de apoio das persoas con necesidades específicas así como a promoción da actividade física tendo en conta a poboacións especiais, fomentado melloras na súa saúde e calidade de vida, desde a intervención para a atención á diversidade sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos
C1	Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo) delimitando os ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
C2	Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
C3	Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse coas súas necesidades educativas especiais.
C4	Xerar destrezas para aprender a deseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado ou paralímpico e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.

C6 Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender a natureza das adaptacións curriculares e valorar a súa necesidade e incidencia na aprendizaxe escolar normal e con apoio.	A3 B2 C1 C3
Ser capaz de usar condicións inclusivas nas propostas de planificación curricular.	A3 B2 C2 C4
Sintetizar os principais resultados obtidos na aplicación de propostas de acción organizativas, curriculares e sociais conforme ás condicións inclusivas, valorando a súa achega ao coñecemento actual.	A3 B2 C2 C6

Contidos	
Tema	
Implicacións das adaptacións do currículo no apoio educativo específico na escola inclusiva. Adaptacións curriculares de centro e marco de actuación escolar inclusiva.	*
Valoración e medición dos diferentes efectos na inclusividade. Análise das intervencións en necesidades específicas de apoio educativo en aprendizaxe inclusivo.	*
Deseño da intervención en termos de apoio educativo e atención individual.	*
Elaboración e avaliación de resultados de intervención.	*
Informe, discusión e difusión dos resultados e conclusións obtidas da avaliación e intervención.	*

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	3	15
Seminarios	0	12	12
Traballos de aula	8	0	8
Traballos e proxectos	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado do contido principal dos temas.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre temas específicos da materia e á análise dos procedementos utilizados na formulación sobre o tema.
Traballos de aula	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo a supervisión do docente. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Apoio e asesoramento para a organización de actividades de debate enfocadas ao traballo sobre temáticas específicas que permitan profundar nos contidos da materia.
Traballos de aula	Orientación sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Orientación sobre a planificación, elaboración e presentación dos traballos prácticos.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Seminarios	Valoración da participación activa do estudante na discusión de documentos científicos, casos ou outras actividades propostas na aula	20	A3	B2	C3 C4 C6
Traballos de aula	Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante	40	A3	B2	C1 C2 C3 C4 C6
Traballos e proxectos	Elaboración e presentación oral e escrita de informes, por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente	40	A3	B2	C1 C2 C3 C4 C6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este máster ten a modalidade de ensino presencial, por tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser, polo menos, do 80% estando admitido faltar ao 20% da presencialidade.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% da cualificación nese apartado.

Aqueles estudantes que non superen algunha das probas ou actividades poderán presentarse á avaliación do primeiro cuatrimestre, que se celebrará no período oficial establecido, acorde ao programa da materia.

Haberá unha segunda convocatoria no mes de xullo na que se avaliarán as competencias non adquiridas polo estudante durante o curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Referencias Bibliográficas:

Ainscow.M. (2001). *Desarrollo de escuelas inclusivas. Ideas, propuestas y mejoras para las instituciones educativas*. Madrid: Narcea.

Arnaiz, P. (2003). *Educación inclusiva: una escuela para todos*. Malaga: Aljibe.

González, M.T. (2003). *Organización y gestión de centros escolares*. Madrid: Prentice-Hall.

Moreno, J.M. (2004). *Organización y gestión de centros educativos*. Madrid: UNED.

Satinback, S. y Stainback, W. (2004) *Aulas inclusivas. Un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo*. Madrid: Narcea

Tharp, R.G., Estrada, P., Dalton, S. y Yamauchi, L.A. (2002). *Transformar la enseñanza. Excelencia, equidad, inclusión y armonía en las aulas y las escuelas*. Barcelona: Paidós.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG núm. 242 de 21-12-2012).

Recomendacións

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás *tutorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos

estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
